

# OBRADOIRO DE FAMILIARIZACIÓN COA ORTOGRAFÍA PORTUGUESA

## CARACTERÍSTICAS

### Obxectivos:

1. Específico: Facilitar a lectura de textos escritos coa ortografía portuguesa descubriendo correspondencias entre os sons galego oral.
2. Transversal: reflexionar sobre a vocación profesional. Os textos de traballo tratan as características xerais dunha serie de profesións. O alumnado deberá formar grupos e cada grupo escollerá unha profesión.

### Público alvo:

- ✦ Alumnado de 3º ciclo de ensino primario.

### Temporalización:

- ✦ Tres sesións co profesor

### Materiais:

- ✦ Reprodutor de CD para pasar o audio.
- ✦ Fotocopias (se for posíbel, en cor)
- ✦ Audio e grafismo capturado de:
  - ✦ <http://discoverykidsbrasil.uol.com.br/jogos/jogando-com-as-profissoes/>
  - ✦ <http://discoverykidsbrasil.uol.com.br/jogos/ler-e-uma-brincadeira/>

## 1ª SESIÓN

### 1. Explicación de obxectivos: que ides aprender con estas actividades?

Nun pequeno diálogo de poucos minutos, presentaranse os obxectivos da sesión. Deberase introducir a idea da proximidade entre a variedade galega e as lusófonas no plano oral, así como as oportunidades que iso supón.

### 2. Actividade de comprensión oral.

A clase escoitará unha serie de pequenos monólogos en portugués brasileiro describindo as características dunha serie de profesións. A clase deberá identificar cada monólogo cunha imaxe representativa da profesión correspondente que recibirán nunha fotocopia. Ao final da actividade, establécese un pequeno diálogo para que a clase se posicione con respecto á variedade brasileira (similitudes, diferenzas) e á actividade realizada (facilidades, dificultades encontradas). Se a clase o demanda, poderanse pasar os monólogos unha segunda vez.

### 3. Creación de grupos.

O alumnado deberá formar tantos grupos como número de profesións tratadas (6 grupos, entre 4 e 6 membros por grupo). Cada grupo deberá escoller unha profesión e un/unha representante. A continuación desenvolveranse unha serie de actividades competitivas nas que cada grupo irá sumando puntos.

### 4. Actividade de comprensión escrita.

Os grupos recibirán unha fotocopia coas transcricións (en padrón internacional) dos minidiálogos escoitados. Cada grupo deberá identificar o texto referente á profesión escollida. Ao final da actividade, os grupos comentarán as palabras fáciles (transparentes) e difíciles (opacas) encontradas. Tamén se identificarán palabras semitransparentes (palabras con lexema transparente e morfoloxía diferente, p.ex.: policial, bailarino etc.). Explicarase o significado das palabras opacas mediante perífrases, xestos e debuxos evitando a tradución. É o alumnado quen deberá establecer as correspondencias entre esas palabras e as outras linguas que coñecen (castelán e inglés).

Cada grupo gañará un punto por cada palabra semitransparente e opaca encontrada en todos os textos. Tamén se asignará un punto ao grupo que consiga descifrar unha palabra opaca dando correspondencias en castelán e/ou inglés.

### **5. Comparación entre códigos fonográficos (ortografías).**

Cada grupo identificará (subliñando) en cadanseu texto as palabras que se din igual pero que se escriben de xeito diferente a como se fai na Galiza. Nunha folla cada grupo establecerá a lista de palabras con ortografía diverxente. Non se terá en conta a acentuación nin palabras con morfoloxía de plural diferente (p.ex. policial, difíceis). A lado de cada palabra copiada en ortografía internacional indícarase a súa versión en ortografía galega (RAG). O representante de cada grupo escribirá a súa lista no encerado. O primeiro grupo que escriber a súa lista recibirá 5 puntos, o segundo 4 e así sucesivamente até o último grupo, que recibirá cero puntos. Por cada erro encontrado, retirarase un punto da puntuación obtida.

## **2ª SESIÓN**

### **6. Escoita de prequecemento.**

Para revisar o feito na sesión anterior, os grupos volverán escoitar os monólogos. Desta volta, terán as transcricións diante.

### **7. Descuberta de regras (claves) de facilitación da lectura dos textos.**

Traballando coas listas de palabras elaboradas na actividade 5, cada grupo deberá agora establecer noutra folla grupos de palabras tomando como criterio de agrupamento a existencia de grafemas diverxentes comúns (palabras que se escriben con nh, palabras que teñen m final em vez de n, etc.) e a súa correspondencia en ortografía galega. Algunhas palabras poderán ser asignadas a varios grupos (p.ex. missões). Algunhas palabras ficarán soltas e serán agrupadas nun “grupo da marfallada”. Cada vez que un grupo establece un grupo de palabras, detense o xogo: o representante do grupo define o agrupamento feito e o criterio escollido. A clase avalía se o criterio é válido e establécese unha regra de correspondencia de lectura. Cada grupo recibirá 1 punto por cada regra de lectura válida descuberta.

### **8. Segmentación e lectura de palabras.**

Co obxectivo de pór en práctica as regras inducidas na actividade 7, cada grupo recibirá unha folla cunha secuencia de letras. Os grupos deberán segmentar dentro desa secuencia palabras presentes nos textos traballados, p.ex.:

espaçotrabalhoexigentennãobomestudarpintor...

espaço | trabalho | exigente | não | bom | estudar | pintor...

Coas palabras segmentadas deberase elaborar unha lista mantendo a orde da secuencia. O primeiro grupo que acabar a segmentación deberá ler para a clase as palabras da lista elaborada. Se a segmentación e lectura son correctas, o grupo recibirá 5 puntos.

### **9. Competición de reforzo.**

Usando as regras de correspondencia descubertas, os grupos deberán elaborar unha lista con palabras galegas comúns escribíndoas coa ortografía portuguesa. Estabelecerase un tempo límite para elaboraren os grupos cadansúa lista. Cada grupo escribirá no encerado a súa lista. Por cada palabra escrita correctamente outorgaranse dous puntos. Se nunha palabra se aplican ben as regras pero non se corresponde coa forma portuguesa (p.ex. \*geito em vez de jeito) só se dará 1 punto e corrixirase a proposta do grupo evitado a

estigmatización do erro.

### 3ª SESIÓN

#### 10. **Lectura competitiva.**

Cada grupo recibirá unha fotocopia cun pequeno conto ilustrado e escrito en padrón internacional. Haberá cinco contos diferentes. Cada grupo escollerá o seu conto e terá un tempo limitado para preparar a súa lectura. Acabado ese tempo, cada representante dun grupo deberá ler o texto. Após as lecturas, cada grupo deberá avaliar de 5 a 1 a lectura realizada polos outros grupos e explicar as razóns da súa puntuación (como nos concursos de talentos televisivos).

Os membros do grupo gañador nese día recibirán un agasallo.